



Concello de Vigo

Secretaría do Goberno Local
Expte. 439/1102

RESOLUCIÓN COMITÉ TÉCNICO **Integridade na Contratación Pública**

Con data 02/10/2018, a Concellería-Delegada de Xestión Municipal resolveu incoar expediente para a coordinación e seguimento dos mecanismos municipais de integridade na contratación pública, para os efectos de integrar o conxunto de medidas adoptadas polo Concello na materia e aliñar o seu desenvolvemento no marco dunha estratexia global. Así mesmo designou instrutora do dito expediente á Secretaria de Goberno Municipal, M^a Concepción Campos Acuña.

A Xunta de Goberno Local do 22/11/2018, acordou, entre outros, constituír, para os efectos de garantir a realización das medidas que resultasen precisas, un Comité Técnico de Integridade na Contratación, integrado por:

- *A titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo.*
- *O interventor xeral municipal, D. Alberto Escariz Couso.*
- *O tesoureiro municipal, D. Luis García Álvarez.*
- *A secretaria do Goberno Local, Dna. M^a Concepción Campos Acuña.*
- *A xefa do Servizo de Contratación, Dna. Beatriz Barbará Rodríguez.*
- *O xefe do servizo de Administración electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns.*

Como consecuencias da reorganizacións da Secretaría de Goberno Local a Concellería Delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal en virtude da delegación de facultades en materia de contratación expresa da Xunta de Goberno Local, sesión do 12/12/2019, conforme co marco legal recollido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e Real Decreto 2568/1986, do 26 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RESOLVE:

Primeiro.- Modificar a composición do Comité Técnico de Integridade na Contratación, que estará integrado por:

- *A titular da Asesoría Xurídica Municipal, Dna. Margarita Parajó Calvo.*
- *O interventor xeral municipal, D. Alberto Escariz Couso.*
- *O tesoureiro municipal, D. Luis García Álvarez.*
- *A secretaria de administración municipal, Dna. Susana Gallardo Fariña.*
- *A xefa do Servizo de Contratación, Dna. Beatriz Barbará Rodríguez.*
- *O xefe do servizo de Administración electrónica, D. Antonio Villanueva Guimeráns.*

Segundo.- Designar instrutora do Plan de Integridade na Contratación Pública a Dna. Susana Gallardo Fariña, secretaria de administración municipal do Concello de Vigo.

Terceiro.- Para coñecemento e efectos, comunicar o presente acordo aos integrantes do Comité Técnico do Plan, aos titulares das áreas e servizos interesados.

Cuarto.- Publicar a presente resolución na Intranet municipal e no Portal de Transparencia municipal.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/12/2021 12:48	Páxina 1 de 2
439-1102	CSV: A8A3A5-B284AD-315BDB-DYFZTV-ZPS2H2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

SGF/rs

Vigo, data da sinatura dixital.

A CONCELEIRA DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E XESTIÓN MUNICIPAL

Patricia Rodríguez Calviño

A SECRETARIA DE ADMON. MUNICIPAL

Susana Gallardo Fariña



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 15/12/2021 12:48	Páxina 2 de 2
439-1102	CSV: A8A3A5-B284AD-315BDB-DYFZTV-ZPS2H2-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		